



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

Vai d'aí, deño cativo
que de mais non t'has de rir,
que vintacingo escaleiras
heichas de facer subir.

Vai d'aí deño cativo,
esterco do meu corral,
heite de levar á feira,
venderte por un raial.

Mosa do pano de seda
encarnado ó pescoso,
madía levas bailar
porque bailar co teu moso.

Moso do cuello de plancha
vente conmigo al paseo,
qu'yo che pagará la lancha.

Cantaré e bailarei,
farei tod' o que me mandes,
pero contigho non durmo
que te-las pernas mui grandes.

Andivéstest'alabando
de cousas que non fixestes,
déstesm'un bico na sombra
que na cara non pudestes.

Teño unha i-herba na i-horta
que sobe arriba do muro,
s'ó teu cariño n-é certo,
tamén o meu n-é seguro.

Olvidástesme por outra,
por ghosar nunha riqueza,
no vencas más a mi casa
molestarme la cabeza.

Quisiera ir a la playa
y no pisar la i-arena,
poner los cuernos a Lelo,
a mi suegra una cadena.



Si las pedras de la calle
tuvieran lincua y hablaran,
cuatro muchachos solteros
de sentimientos lloraran.

En la medio de la mar
sopiraba unha ballena,
en los suspiros decía
“quien ten amores ten pena”.

En el medio de la mar
hay unha malva de olor,
pena de la vida tiene
el que le quite una flor.

En el mar hay una torre,
en la torre una ventana,
en la ventana una niña,
por un marinero llama.

Teño unha cadela branca
que lle chaman Val-quen-tén,
e quen non tén, non val nada,
sempre lle chaman Ninquén.

Olvidástesme por pobre,
por amar a quen ten leiras,
inda t´hei de ver andar
cos zocos en calcañeiras.

Mosa do pano de seda
co freco fostes á feira,
por causa dese teu pano
teu pai vendeu unha leira.

/:Tés un pano de crespón:/
por causa d´ese teu pano
teu pai vendeu un leghón.